

VÉRTICE NOROESTE



"Quería establecerme por min mesmo, desenvolver actividades na natureza, facer cousas novas"

Domingo Sampedro Sampedro

Datos básicos

Actividade:	Actividades de lecer e tempo libre
Sector de actividade	Servizos de ocio, diversión e cultura
Nº empregados	2
Inversión inicial	35.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial financeiro con fondos propios (10.000 €) e un microcrédito de 25.000 € xestionado polo IGAPE e avalado por AFIGAL.
Web:	
Municipio:	Riveira, A Coruña
Ano creación:	2002

Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa de actividades de lecer e tempo libre, enfocada sobre toda ás actividades na natureza durante o verán, e cara ás actividades na natureza e actividades extraescolares durante o curso escolar.

O proxecto desenvólvese en dúas fases:

FASE I (Verán): ACTIVIDADES NÁUTICAS, ACTIVIDADES DA NATUREZA E CAMPAMENTOS

En verán, desenvólvese actividades náuticas, na natureza e campamentos: windsurf, vela lixeira, mergullo, rutas a vela dorna, rutas a vela cruceiro, rutas piragua, esquí acuático, act. recreativas en auga, sendeirismo, BTT, descenso barrancos, náuticos e actividades na natureza.

FASE II (Curso escolar): ESCOLAS DEPORTIVAS, EXCURSIÓNS E VIAXES

En inverno, dedicamonos a escolas deportivas, excursións e viaxes: fútbol, baloncesto, multideporte, mantemento, vela, marítimas (Ría Arousa), terrestres (Barbanza e Courel), neve, rafting, puenting, sendeirismo e BTT polo Barbanza e multiaventura (con outras empresas).



Datos empresa

Claves do éxito

I.-CARÁCTER INOVADOR: Non existe ningunha empresa deste tipo na bisbarra. Si podemos atopar actividades puntuais en diferentes ámbitos, todas elas promovidas polos clubs da zona ou por asociacións. Un exemplo diso son os cursos de verán de iniciación á vela que promove o C.N. de Ribeira, ou os cursos de mergullo que organiza o grupo PADI coa súa correspondente representante en Ribeira. Tamén atopamos o desenvolvemento de actividades promovidas por outras empresas, como é o caso de TURNAUGA, ou EQUITUR que realizan algunhas das súas actividades na bisbarra, pero sen un claro enfoque cara ás actividades náuticas.

II.-NOVOS VIVEIROS DE EMPREGO: Outra consideración que debemos ter en conta é o auxe que está adquirindo o sector. Tampouco podemos esquecer a importancia que adquiriu Galicia no desenvolvemento turístico, e a península do Barbanza. Isto levaranos á creación de postos de traballo directos e indirectos, ademais de incidir na reconversión que está a sufrir o sector pesqueiro, coa creación de emprego e alternativas profesionais no sector do turismo relacionado coas actividades náuticas.

III.-ACTIVIDADES NON SUFICIENTEMENTE DESENVOLVIDAS EN GALICIA: Se ben é certo que o sector do turismo sufriu un grande desenvolvemento na nosa comunidade, actualmente só hai catro empresas relacionadas co turismo activo en toda a comunidade autónoma, o cal dámos unha idea das posibilidades de desenvolvemento que aínda ten o sector.

IV.-EFECTO DINAMIZADOR NA ZONA: É a primeira empresa deste tipo na zona, e representa unha nova oferta de actividades para o turismo que visita a bisbarra. Posibilita ademais, a curto prazo, a creación de iniciativas semellantes que promovan o sector turístico.



Datos empresa

Idea inicial

Primeiro pola experiencia no sector e a posibilidade que a miña profesión me deu para realizar todo tipo de actividades relacionadas coa natureza.
En segundo lugar polas condicións que reúne o lugar (Barbanza) para o desenvolvemento deste tipo de actividades.
En terceiro lugar por outras empresas coas que tiveren contacto.
Pero sobre todo por me establecer por min mesmo, a inqueda á hora de desenvolver iniciativas, a motivación cara ás actividades na natureza, e polo afán de facer cousas novas.



Principales dificultades y amenazas futuras

En canto as necesidades iniciais, podería citar as seguintes:

- Pouco coñecemento de planos económico-financeiros.
- O tempo que tardemos en poñer en marcha o negocio.
- Partimos dunha infraestrutura mínima.
- Limitación de oferta por investimento.

E en canto ás ameazas futuras:

- O desenvolvemento de empresas do sector, que podan aparecer na zona.
- Política agresiva de prezos da competencia.
- Non dispoñer de instalacións propias.
- Probablemente a marea negra.

Perfil promotores

O promotor posúe estudos universitarios superiores en Educación Física. Ademais aporta a seguinte experiencia profesional:

- Monitor especialista no Servizo de deportes do Concello da Coruña durante 2 anos.
- Director da Escola Náutica (Windsurf) da Agrupación Deportiva Rías Altas durante 3 anos.
- Monitor de vela nos Campamentos de Verán da Xunta de Galicia durante 2 anos.
- Director da Escola Náutica do C.N. Ribeira durante 1 ano.
- P.E.S. Educación Física, Xunta de Galicia durante 8 anos.

Aos trinta e catro anos crea unha empresa de actividades de lecer e tempo libre.

Aptitudes necesarias

- Vontade de traballo.
- Certas dotes de mando.
- Constancia.
- Crer no que fas.

Guía de Actividad

Empresas de tempo libre (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
Gañar cartos**

A independencia que proporciona



Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si (Curso de novos emprendedores, Programa Lanza, como profesor do Módulo Profesional de Xestión e Proxecto, na carreira, etc.).

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si é importante, para min foino e axudoume a dar este paso con máis confianza. De feito, se non tivese realizado os cursos de formación co IGAPE, non estou seguro de se poñería en marcha o proxecto.

Anecdotalio

Non dispoñible

